

CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA DESENVOLVER NOS ANOS 2021, 2022, 2023 e 2024 UN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA, A TRAVÉS DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 57/2018, do 31 de maio, (DOG nº 106 do 5 de xuño de 2018), actuando en nome e representación da devandita entidade.

EXPOÑEN

1. Que para potenciar o emprego do galego, segundo establecen os artigos 5.3 do Estatuto de autonomía para Galicia e 6.3 da Lei de normalización lingüística, cómpre dispor de estudos científicos sobre a lingua (gramática, léxico, dialectoloxía, sociolingüística etc.), tanto sincrónicos como diacrónicos.
2. Que o artigo 27 do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. atribúelle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre outras, as funcións de promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e a terminoloxía, así como, promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística



3. Que o Instituto da Lingua Galega (en diante ILG) da Universidade de Santiago de Compostela é un referente de recoñecido prestixio na súa contribución ao desenvolvemento da investigación científica sobre a lingua galega. Dende o ano 1975, está traballando na recollida de material dialectal no dominio lingüístico galego e, froito desta recollida, é un ficheiro lexicográfico que contén o vocabulario galego extraído de obras editadas ou inéditas que apareceron en forma distinta á de dicionario.
4. Que son tamén resultado do seu labor os materiais do Atlas Lingüístico Galego, do que se levan publicado varios volumes. Que tanto o ficheiro lexicográfico como os cadernos do ALGa, dispoñibles para os investigadores na sede do ILG, son hoxe unha fonte de información imprescindible para calquera traballo sobre gramática e léxico; e serano aínda máis cando se poidan pór á disposición da comunidade científica a través das publicacións axeitadas.
5. Que o ILG realizou a recollida dun corpus lexicográfico para a elaboración dun dicionario galego; trátase dun corpus procedente do baleirado de textos galegos de preto de 2.000 obras producidas dende o século XVII ata a actualidade. A base de datos xerada aproxímase aos 26 millóns de rexistros e o material compilado, dentro do que están os grandes clásicos da literatura galega, está xa ao dispor dos investigadores a través de Internet (<http://ilg.usc.es/TILG/>).
6. Que o ILG compilou un corpus documental informatizado baseado en textos medievais, ao que, do mesmo xeito que o anterior, os investigadores poden ter acceso a través de internet (<http://ilg.usc.es/tmilg/>). Que iniciou tamén outros traballos no campo da fonética, da gramática e da historia da norma gráfica; no ILG acóllense tamén proxectos de antroponimia románica e filoloxía medieval galega.
7. Que o ILG vén traballando na lectura e edición de textos medievais, sobre todo na transcripción de coleccións diplomáticas, que, xunto cos textos doutras funcións, son imprescindibles para un mellor coñecemento da historia interna e externa da lingua galega.
8. Que, así mesmo, o ILG está a desenvolver recursos sobre a lingua oral, como o Arquivo do Galego Oral, que proximamente terá unha versión actualizada na rede con posibilidades de consulta de textos dialectais xeolocalizados, así como o Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA), que permitirá investigar sobre a variación e o cambio no galego falado actualmente, e no que se incorporan e melloran ferramentas



de tecnoloxías da fala (aliñadores automáticos, recoñecemento da fala e transcripción automática, anotadores morfosintácticos automáticos).

9. Que o ILG está a desenvolver traballos de investigación sociolingüística sobre as actitudes lingüísticas na sociedade actual e sobre a muda de lingua durante a vida das persoas, así como recursos e estudos sobre a competencia escrita en galego do estudantado de bacharelato.

10. Que para realizar estes traballos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando, primeiro entre os anos 1987 e 1991 e logo, ininterrompidamente dende o ano 1994 a ata actualidade e que consideran esencial manter esta colaboración para o desenvolvemento dos diversos proxectos de investigación que se están a realizar no ILG, neste sentido, manifestan a súa vontade de renovar esta vinculación.

11. Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como á hora de cumprir cos obxectivos previstos na Lei 3/1983, de normalización lingüística, no Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, xa que necesita dispor dos traballos que, no eido da investigación, realiza o Instituto da Lingua Galega por non dispor de medios para realizar este tipo de traballos.

12. Que así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, co que se pretende mostrarlle á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego. Este plan está concibido para converterse nun instrumento para a dinamización da lingua galega e, para garantir o seu éxito, preténdese que sexa un plan participativo, práctico e realista, no que se implique a comunidade universitaria para o que se levarán a cabo medidas dinamizadoras dirixidas ao profesorado, ao alumnado e ao persoal de administración e servizos, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela.

13. Que a sinatura deste convenio ten por finalidade a prestación dun servizo de carácter público e social, pois estes traballos de investigación están á disposición dos



investigadores e do público en xeral, sendo o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela a única entidade no ámbito da Comunidade Autónoma galega que conta cos medios técnicos e humanos para realizar estas actividades e, polo tanto, referente exclusivo na materia, por isto, e pola singularidade das actuacións que se van a desenvolver ao abeiro deste convenio, non é posible promover a concorrência en convocatoria pública.

Por todo isto, ambas as dúas institucións acordan asinar un convenio de colaboración, de carácter plurianual, entre os anos 2021-2024 e que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio establécense as condicións polas que rexerá a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) para continuar desenvolvendo entre os anos 2021 e 2024 diversos proxectos de investigación que se están realizando no Instituto da Lingua Galega (en diante o ILG) que se describen na estipulación segunda deste convenio.

O programa de actuacións e actividades que se van a desenvolver entre os anos 2021 e 2024 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a realizar a través do ILG as seguintes actuacións:

- A. Atlas Lingüístico Galego (ALGa)
- B. A lingua das novas xeracións: competencia, cambio lingüístico, actitudes, mantemento e transmisión da lingua (Análise da competencia escrita en lingua galega do estudantado de 2º de Bacharelato; Contacto lingüístico, cambio e identidade; A lingua das familias: mantemento, transmisión e cambio de lingua ao longo de tres xeracións)
- C. Patrimonio textual na Galicia medieval: prosa documental e literaria (A prosa notarial: características da produción documental na Galicia medieval (terras do Carballiño, de Celanova, do Ribeiro e de Trives); A prosa literaria: textos historiográficos, romanescos e xurídicos)



No anexo especificanse os traballos que se realizarán de cada un dos proxectos mencionados e en cada unha das anualidades na que estea vixente o convenio.

O ILG comprométese a realizar as actividades citadas; porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivese que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato dalgunha das actividades contempladas nesta estipulación ou o seu desenvolvemento que figura no anexo, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda.

A USC publicará e difundirá a través da rede ou calquera outro medio, os resultados dos proxectos recollidos neste convenio, co fin de poñelos ao dispor da comunidade investigadora e do público en xeral.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **825.360,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización destas accións cunha achega económica por importe de **480.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.151A.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2021, 2022, 2023, e 2024, coa seguinte desagregación por anualidade:

- Exercicio 2021, por importe de **120.000,00 €**
- Exercicio 2022, por importe de **120.000,00 €**
- Exercicio 2023, por importe de **120.000,00 €**
- Exercicio 2024, por importe de **120.000,00 €**



As devanditas cantidades distribuiranse do seguinte xeito:

Actividade	Importe				
	2021	2022	2023	2024	Total
Atlas Lingüístico Galego	81719,28	81719,28	81719,28	81719,28	326877,12
A lingua das novas xeracións	11040,96	11040,96	11040,96	11040,96	44163,84
Patrimonio textual na Galicia medieval	27239,76	27239,76	27239,76	27239,76	108959,04
TOTAL	120000	120000	120000	120000	480000

A Universidade de Santiago de Compostela asumirá o resto dos custos con cargo aos seus orzamentos, por un importe de **345.360,00 €**, incluíndo dedicación do persoal docente investigador que participe na realización destes proxectos, así como outros custos como por exemplo: material bibliográfico e documental necesario, os recursos e medios informáticos, técnicos e tecnolóxicos, en xeral, todo aquilo necesario para o bo desenvolvemento dos proxectos nos seus locais, coa seguinte desagregación por anualidades:

- Exercicio 2021, por importe de **86.340,00 €**
- Exercicio 2022, por importe de **86.340,00 €**
- Exercicio 2023, por importe de **86.340,00 €**
- Exercicio 2024, por importe de **86.340,00 €**

As devanditas cantidades distribuiranse do seguinte xeito:

	2021	2022	2023	2024
Dedicación de persoal docente investigador	76.340	76.340	76.340	76.340
Outros custos: material bibliográfico e documental, recursos e medios informáticos, técnicos e tecnolóxicos, maquetación, etc.	10.000	10.000	10.000	10.000
Total	86.340	86.340	86.340	86.340



CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.- A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.
Código de procedemento PR004A

A USC percibirá a achega da Consellería prevista para cada unha das anualidades en dous pagamentos, que se efectuarán da seguinte maneira:

1. Un primeiro pagamento por importe de **60.000,00 €**, que se realizará unha vez que se execute, aproximadamente, o 50% das actividades previstas no convenio para cada exercicio, de acordo co programa de actuacións anual que figura no anexo e logo da presentación electrónica da seguinte documentación:

- . Certificación na que se xustifique e se acredite a execución das actividades do convenio, xunto coas notas de cargo que emitirá o servizo correspondente da USC.
- . Un informe dos traballos que se realizaron e que comprenderá o estado de execución de cada un dos proxectos.

2. Un segundo pagamento de **60.000,00 €**, que se efectuará unha vez que se execute o 100% das actividades previstas no convenio para cada ano, de acordo co programa de actuacións anual que figura no anexo e logo da presentación electrónica, antes do 15 de novembro da anualidade correspondente, da seguinte documentación:

- . Certificación que xustifique e acredite a execución das actividades do convenio, xunto coas notas de cargo que emitirá o servizo correspondente da USC.
- . Un informe anual no que se detallen o estado e situación de cada un dos proxectos que se realizaron e os resultados obtidos, de acordo co previsto na estipulación novena do convenio para valorar os resultados do programa de traballo.
- . Para control das actividades que se prevén no convenio entregarase un mínimo de tres exemplares dos traballos no caso de que se publiquen.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.



No caso de que a xustificación dos gastos e pagamentos sexa inferior ao importe do convenio para cada anualidade, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A entidade procurará utilizar a lingua galega en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A USC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

QUINTA.- UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.



SEXTA.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión paritaria de seguimento das accións obxecto deste convenio, presidida polo secretario xeral de Política Lingüística e polo Reitor da USC, ou as persoas nas que deleguen, integrada ademais por:

- Dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular.



- . Un representante da USC, nomeado polo seu reitor.
- . O director/a directora do ILG.

A mencionada comisión seguirá e supervisará os traballos de investigación especificados neste convenio e reunirse, polo menos, dúas veces ao ano, unha para aprobar o plan de traballo e outra para valorar os seus resultados.

Para esta supervisión e avaliación a USC comprométese a entregar:

1. **Epígrafe A da estipulación segunda (Atlas Lingüístico Galego):** un informe anual detallado dos traballos realizados, que comprenderá o estado de elaboración de mapas, lendas e notas correspondentes (en copia dixital). Relación e copia das publicacións e participacións en congresos e seminarios.
2. **Epígrafe B da estipulación segunda (A lingua das novas xeracións):** competencia, cambio lingüístico, actitudes, mantemento e transmisión da lingua): un informe anual detallado de todos os traballos realizados e dos resultados obtidos en cada unha das liñas que se relacionan. Relación e copia das publicacións e participacións en congresos e seminarios.
3. **Epígrafe C da estipulación segunda (Patrimonio textual na Galicia medieval: prosa documental e literaria):** un informe anual detallado de todos os traballos realizados e unha copia significativa dos documentos tratados (dixitalizados, transcritos e editados). Relación e copia das publicacións e participacións en congresos e seminarios.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o presente convenio por incumprimento da USC, a consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas para se financiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESPONSABILIDADES DAS ACTUACIÓNS

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio



DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE GARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



DÉCIMO QUINTA.-ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 repectivamente da citada lei).

DÉCIMO SEXTA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase mediante diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na



estipulación novena. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade
Román Rodríguez González

O reitor magnífico da Universidade de
Santiago de Compostela
Antonio López Díaz



ANEXO

Descrición das actividades que se realizarán en cada un dos proxectos entre os anos 2021 e 2024.

A) ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

Investigador responsable: Manuel González González

Preténdese continuar cos traballos de preparación, edición e publicación dos materiais lexicais recollidos para a elaboración do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), que se procesarán informaticamente para publicarse en sucesivos volumes ata o remate dos traballos.

A edición dos traballos do ALGa permite que os lingüistas poidan acceder a unha inxente cantidade de información fonética, gramatical e lexical organizada dun xeito coherente.

Período de actividade no marco do convenio: 2021-2024

Accións:

a) Ano 2021

1. Depuración, corrección e mantemento da base de datos informática, especialmente daqueles rexistros que se van analizando e estudando para a elaboración dos mapas correspondentes.
2. Proseguimento da alimentación de datos lingüísticos referidos á lingua galega para proxectos de ámbito europeo (*ALE: Atlas Linguarum Europae* e *ALiR: Atlas Linguistique Roman*).
3. Alimentación con datos lingüísticos do ALGa dos proxectos de ámbito ibérico e lusófono *TLPGP (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)* e *PLG (Patrimonio léxico da Gallaecia)*.



4. Actualización dos índices publicados no sitio web do ILG coa incorporación dos datos dos novos mapas.
5. Mantemento e actualización da páxina web do proxecto.
6. Explotación cuantitativa dos materiais publicados e inéditos do *ALGa*.
7. Redacción definitiva do volume VIII do *ALGa*
8. Redacción de 100 mapas (elaboración cartográfica, lendas e notas) dos volumes que están en vías de elaboración.
9. Publicacións científicas derivadas do estudo de materiais do *ALGa*.

b) Ano 2022

1. Depuración, corrección e mantemento da base de datos informática, especialmente daqueles rexistros que se van analizando e estudando para a elaboración dos mapas correspondentes.
2. Proseguimento da alimentación de datos lingüísticos referidos á lingua galega para proxectos de ámbito europeo (*ALE: Atlas Linguarum Europae* e *ALiR: Atlas Linguistique Roman*)
3. Alimentación con datos lingüísticos do *ALGa* dos proxectos de ámbito ibérico e lusófono *TLPGP (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)* e *PLG (Patrimonio léxico da Gallaecia)*.
4. Actualización dos índices publicados no sitio web do ILG coa incorporación dos datos dos novos mapas.
5. Mantemento e actualización da páxina web do proxecto.
6. Explotación cuantitativa dos materiais publicados e inéditos do *ALGa*.
7. Publicación do volume *VIII* do *ALGa*.



8. Redacción de 100 mapas (elaboración cartográfica, lendas e notas) dos volumes que están en vías de elaboración.

9. Publicacións científicas derivadas do estudo de materiais do ALGa.

c) Ano 2023

1. Depuración, corrección e mantemento da base de datos informática, especialmente daqueles rexistros que se van analizando e estudando para a elaboración dos mapas correspondentes.

2. Proseguimento da alimentación de datos lingüísticos referidos á lingua galega para proxectos de ámbito europeo (*ALE: Atlas Linguarum Europae* e *ALiR: Atlas Linguistique Roman*)

3. Alimentación con datos lingüísticos do ALGa dos proxectos de ámbito ibérico e lusófono *TLPGP (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)* e *PLG (Patrimonio léxico da Gallaecia)*.

4. Actualización dos índices publicados no sitio web do ILG coa incorporación dos datos dos novos mapas.

5. Mantemento e actualización da páxina web do proxecto.

6. Explotación cuantitativa dos materiais publicados e inéditos do ALGa.

7. Redacción definitiva dun novo volume do ALGa

8. Redacción de 100 mapas (elaboración cartográfica, lendas e notas) dos volumes que están en vías de elaboración.

9. Publicacións científicas derivadas do estudo de materiais do ALGa.



d) Ano 2024

1. Depuración, corrección e mantemento da base de datos informática, especialmente daqueles rexistros que se van analizando e estudando para a elaboración dos mapas correspondentes.
2. Proseguimento da alimentación de datos lingüísticos referidos á lingua galega para proxectos de ámbito europeo (*ALE: Atlas Linguarum Europae* e *ALiR: Atlas Linguistique Roman*), ibérico e lusófono.
3. Alimentación con datos lingüísticos do ALGa dos proxectos de ámbito ibérico e lusófono *TLPGP (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)* e *PLG (Patrimonio léxico da Gallaecia)*.
4. Actualización dos índices publicados no sitio web do ILG coa incorporación dos datos dos novos mapas.
5. Mantemento e actualización da páxina web do proxecto.
6. Explotación cuantitativa dos materiais publicados e inéditos do ALGa.
7. Publicación dun novo volume do ALGa.
8. Redacción de 100 mapas (elaboración cartográfica, lendas e notas) dos volumes que están en vías de elaboración.
9. Publicacións científicas derivadas do estudo de materiais do ALGa.

Resultados previstos:

- Publicación do volume VIII do ALGa
- Publicación do volume IX do ALGa
- Presentacións en congresos
- Publicacións científicas



- Actualización dos índices do ALGa no sitio web do ILG
- Redacción de sínteses nacionais do ámbito lingüístico galego para o ALiR
- Incorporación de datos do ALGa ao *TLPGP (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)* e *PLG (Patrimonio léxico da Gallaecia)*

B) A LINGUA DAS NOVAS XERACIÓNS: COMPETENCIA, CAMBIO LINGÜÍSTICO, ACTITUDES, MANTEMENTO E TRANSMISIÓN DA LINGUA

Liña 1: Análise da competencia escrita en lingua galega do estudantado de 2º de Bacharelato

Investigadora responsable: María Álvarez de la Granja

Este proxecto ten por obxectivo contribuír ao coñecemento das características da competencia escrita en lingua galega do alumnado de 2º de Bacharelato de Galicia. A tal fin continuaremos traballando na elaboración do corpus CORTEGAL, que comezou a desenvolverse no Instituto da Lingua Galega no marco do proxecto "Corpus para a análise das dificultades na produción escrita en lingua galega", así como na análise dos textos nel contidos desde diversas perspectivas. Todos os textos previstos están xa introducidos en CORTEGAL e aínda que este non fixo público aínda, é posible xa facer buscas en <http://ilg.usc.gal/cortegal/>. Con todo, só unha pequena parte dos textos (menos do 10%) están lematizados e anotados.

Período de actividade no marco do convenio: 2021-2023

Accións:

a) Ano 2021

- Continuación dos traballos de elaboración do corpus CORTEGAL (lematización e anotación do 50% dos textos).



- Análise dos textos contidos en CORTEGAL desde perspectivas diversas (textual, gramatical, ortográfica, léxica etc.).
- Establecemento dalgunhas das características máis relevantes da produción escrita e do coñecemento léxico e gramatical do estudantado de 2º de Bacharelato.

b) Ano 2022

- Finalización e posta a disposición do público do corpus CORTEGAL.
- Análise dos textos contidos en CORTEGAL desde perspectivas diversas (textual, gramatical, ortográfica, léxica etc.).
- Establecemento dalgunhas das características máis relevantes da produción escrita e do coñecemento léxico e gramatical do estudantado de 2º de Bacharelato.

c) Ano 2023

- Análise dos textos contidos en CORTEGAL desde perspectivas diversas (textual, gramatical, ortográfica, léxica etc.).
- Elaboración dunha visión xeral dos principais problemas do alumnado de 2º de Bacharelato na competencia escrita en lingua galega.

Resultados previstos:

1. Presentacións en congresos
2. Publicacións científicas
3. Traballos académicos
4. Corpus CORTEGAL



Liña 2: Contacto lingüístico, cambio e identidade

Investigador responsable: Xosé Luís Regueira Fernández

No seo do ILG iniciouse nos últimos anos unha liña de investigación sobre os efectos do contacto lingüístico, maiormente co español mais tamén co portugués (a través da incorporación de elementos gramaticais e léxicos do estándar portugués, algúns incorporados tamén ao estándar oficial do galego) e sobre os cambios lingüísticos que se están a producir nos tempos recentes, sobre todo entre os falantes máis novos. Neste proxecto pretendemos comprender as dinámicas (socio)lingüísticas que se están a desenvolver na sociedade galega actual.

A continuación desta liña de investigación desenvolverase en dúas fases, unha durante o ano 2022 e unha segunda no bienio 2023-2024:

Período de actividade no marco do convenio: 2022-2024

Parte 1: Construcións identitarias na interacción a través das redes sociais

Nesta parte centrarémonos nas interaccións establecidas a través das redes sociais e das plataformas de comunicación de texto e voz, nomeadamente a través de Whatsapp, Telegram (e similares), mais tamén de Twitter, poñendo o foco nas construcións identitarias producidas a través das interaccións, especialmente entre grupos de xente nova. Nesta parte, ademais da análise dos elementos lingüísticos tomados doutras linguas (español, portugués e inglés, sobre todo), estudarase a utilización de recursos non lingüísticos, como iconas, emoticonas, gifs e outros materiais gráficos. Preténdese, igualmente, recoller notas de voz, que serán integradas no corpus oral CORILGA.

Accións:

a) Ano 2022:

- Recollida de corpus de conversas de whatsapp e de interaccións en Twitter.
- Recollida de corpus oral (notas de voz).
- Análise dos usos lingüísticos e da integración de elementos lingüísticos e non lingüísticos.



- Análise das construcións identitarias que emerxen das interaccións.

Parte 2: Monolingüismo, bilingüismo e multilingüismo: ideoloxías lingüísticas na sociedade actual

No bienio 2023-2024 o noso proxecto terá como centro o estudo das ideoloxías lingüísticas que operan na sociedade, especialmente entre aqueles sectores máis activos e dinámicos en cuestións relacionadas coa lingua galega. Atenderase, de maneira especial, aos discursos e interaccións que se producen nas redes sociais máis estendidas, como Twitter e Instagram. En particular centrarémonos nos aspectos ideolóxicos referidos ao monolingüismo, bilingüismo ou multilingüismo na nosa sociedade, en relación tamén cos usos lingüísticos postos en práctica para emitir eses mesmos discursos e producir esas interaccións. Tamén se atenderá aos aspectos de variación interna dentro do galego, en particular ás cuestións referidas ao estándar e á variación lingüística nestes ámbitos, desde o punto ideolóxico e das prácticas lingüísticas.

Accións:

b) Ano 2023:

- A) Recollida de corpus das redes sociais (textos e interaccións).
- B) Estudo dos efectos do contacto co inglés nos usos lingüísticos da xente nova.
- C) Análise das ideoloxías sobre monolingüismo e bilingüismo en Galicia.

c) Ano 2024:

- Realización de experimentos de produción (enquisas, entrevistas etc.).
- Realización de experimentos de percepción (matched guise, por ex.).
- Análise dos resultados e elaboración de traballos específicos.



Resultados previstos:

- Presentacións en congresos
- Publicacións científicas
- Traballos académicos (TFG, TFM...)

Liña 3: A lingua das familias: mantemento, transmisión e cambio de lingua ao longo de tres xeracións

Investigador responsable: Henrique Monteagudo

Este proxecto ten por obxectivo contribuír ao coñecemento dos procesos de mantemento, transmisión e cambio de lingua nas familias galegas.

Para tal fin, partiremos da análise dun corpus de aproximadamente trescentos historiais sociolingüísticos de familias, estudadas ao longo de tres xeracións. Estes historiais foron realizados desde o ano 2005 por estudantes de

Sociolingüística Galega, segundo un modelo fornecido polo profesor, a partir de entrevistas con varios membros de cada unidade familiar pertencentes a tres xeracións sucesivas. Inclúen información sobre a lingua inicial e o repertorio de competencias e usos lingüísticos de varios membros da familia, así como exploración das actitudes e narracións autobiográficas, ademais de información de carácter social: entre outros, sobre xénero e idade, residencia e traslados – incluíndo emigracións e retorno–, estudos / profesión ou matrimonio.

As accións realizadas previamente, previstas no convenio anterior, foron:

- Clasificación dos historiais lingüísticos das familias, segundo criterios sociolingüísticos
- Selección e etiquetado de entrevistas gravadas polo seu interese



Período de actividade no marco do convenio: 2021 e 2023

Accións:

a) Ano 2021

Análise dos procesos de mantemento / cambio de lingua en relación coa progresión no sistema educativo (paso da infantil á primaria, e da primaria á secundaria) e os fenómenos de muda.

b) Ano 2023

Análise da interacción entre as prácticas lingüísticas das familias e as dos centros educativos, tendo en conta a transmisión interxeracional e co foco posto nos procesos de mantemento / cambio de lingua.

Resultados previstos:

- Realización de traballos académicos
- Presentacións en congresos
- Publicacións científicas

C) PATRIMONIO TEXTUAL NA GALICIA MEDIEVAL: PROSA DOCUMENTAL E LITERARIA

Liña 1: A prosa notarial. Características da produción documental na Galicia medieval (terras do Carballiño, de Celanova, do Ribeiro e de Trives)

Investigadores responsables: Eduardo Moscoso Mato - Xavier Varela Barreiro

Esta liña de actuación ten por obxectivo continuar cos traballos de estudo sistemático, por terras e dominios antigos, da produción histórico-lingüística no ámbito da prosa documental e dos seus axentes de produción, moi especialmente o notariado. Aos resultados alcanzados anteriormente coa documentación da terra de Caldelas (2019-2020) sumaranse os correspondentes ás terras do Carballiño, de Celanova e do Ribeiro, para as que se conta con coleccións documentais informatizadas amplas e diversas na súa composición e cronoloxía.



Período de actividade no marco do convenio: 2021-2024

Accións:

a) Ano 2021

- Revisión e corrección de erros dos textos das coleccións documentais medievais das terras do Carballiño (mosteiro de Santa María de Oseira) e de Trives (San Salvador de Sobrado de Trives).
- Codificación e etiquetaxe da documentación das coleccións medievais das terras do Carballiño (mosteiro de Santa María de Oseira) e de Trives (San Salvador de Sobrado de Trives).

b) Ano 2022

- Inserimento dos documentos de Santa María de Oseira e de San Salvador de Sobrado de Trives na base de datos do *Corpus Galego-Portugués Antigo* (CGPA) e procesamento ulterior para incorporalos aos recursos na web deste proxecto: CGPA (propio e no ILG) e CGPA-CODOLGA (compartido co *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, do Centro Ramón Piñeiro).
- Apertura na rede dunha base de datos de consulta conformada cos contidos lingüísticos, cronolóxicos, xeográficos, tipolóxicos, paleográficos, diplomáticos e prosopográficos (do notariado) das coleccións diplomáticas de Santa María de Oseira, de San Salvador de Sobrado de Trives (e de Santa María de Montederramo, elaborados durante os anos 2019-2020).

c) Ano 2023

- Revisión e corrección de erros dos textos das coleccións documentais medievais das terras de Celanova e do Ribeiro (mosteiro de San Salvador de Celanova, mosteiro de San Pedro de Ramirás / mosteiro de San Clodio do Ribeiro).
- Codificación e etiquetaxe da documentación das coleccións medievais das terras de Celanova e do Ribeiro (mosteiro de San Salvador de Celanova, mosteiro de San Pedro de Ramirás / mosteiro de San Clodio do Ribeiro).

d) Ano 2024



- Inserimento dos documentos de San Salvador de Celanova, San Pedro de Ramirás e San Clodio do Ribeiro na base de datos do *Corpus Galego-Portugués Antigo* (CGPA) e procesamento ulterior para incorporalos aos recursos na web deste proxecto: CGPA (propio e no ILG) e CGPA-CODOLGA (compartido co *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, do Centro Ramón Piñeiro).
- Arrequeamento da base de datos de consulta na web cos contidos lingüísticos, cronolóxicos, xeográficos, tipolóxicos, paleográficos, diplomáticos e prosopográficos (do notariado) das coleccións diplomáticas de San Salvador de Celanova, San Pedro de Ramirás e San Clodio do Ribeiro.

e) *Plurianual*

Colaboración co *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (Centro Ramón Piñeiro), *Gallaeciae Monumenta Historica* (Consello da Cultura Galega) e outros proxectos ou equipos con obxectivos compartidos (Instituto de Estudos Padre Sarmiento-CSIC).

Resultados previstos:

- Presentacións en congresos
- Publicacións científicas
- Traballos académicos (TFG, TFM...)
- Apertura e consolidación na rede da base de datos documental desde a que se poderán poñer en marcha, entre outros, proxectos e investigacións interdisciplinares sobre a lingua, o notariado e outros axentes da escrita da Galicia medieval.
- Apertura e consolidación na web dun corpus documental latino-romance da Galicia medieval en colaboración co *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (Centro Ramón Piñeiro).
- Apertura dun repositorio dixital (EGPA-doc: Escritorio Galego-Portugués Antigo) para a visualización e explotación do corpus documental editado en



colaboración co proxecto HERES da Universidade de Alcalá. Nel poderán consultarse tanto as transcricións paleográficas como as edicións críticas realizadas, coa opción, tamén, de visualización da reprodución dos manuscritos.

Liña 2: A prosa literaria: textos historiográficos, romanescos e xurídicos

Investigadores responsables: Ramón Mariño Paz - Ricardo Goterres Pichel

Esta liña de actuación ten por obxectivo a transcrición e edición dun conxunto de obras literarias producidas na Galicia medieval nos séculos XIV-XV, para as que aínda non contamos cunha edición definitiva ou mesmo non son coñecidos. Trátase de textos de natureza historiográfica (*Crónica de 1404*, *Geral Estoria*, *Estoria de España*), ficcional ou romanescos (*Livro de Tristam*) e xurídica (*Sete Partidas* e outros regulamentos xerais). O proxecto, de natureza colaborativa con outros grupos de traballo, consiste na transcrición paleográfica, edición e estudo (lingüístico e literario) deses textos. Así mesmo, preténdese visibilizar todo este corpus literario nun repositorio dixital, denominado *Escritorio Galego-Portugués Antigo* (EGPA), complementario ao CGPA, no que se mostrarán todas as presentacións e materiais derivados da lectura e edición deses textos.

Período de actividade no marco do convenio: 2021-2024

Accións:

a) Ano 2021

- Transcrición da tradución galega da General Estoria de Afonso X. Transcrición paleográfica e codificación do manuscrito galego conservado no Escorial.
- Edición do fragmento do Livro de Tristam (manuscrito do Archivo Histórico Nacional). Revisión da transcrición paleográfica do texto e preparación da presentación crítica para a súa edición dixital no EGPA-lit.



- Finalización da edición crítica da Historia troiana (Biblioteca Menéndez de Pelayo de Santander) e codificación da transcripción paleográfica para a súa publicación dixital no EGPA-lit.
- Edición do fragmento do Livro das Confissões (Arquivo do Reino de Galicia). Transcripción paleográfica e presentación crítica do manuscrito para a súa publicación dixital no EGPA-lit.

b) Ano 2022

1. Transcripción do manuscrito Vindel (Hispanic Society of America) da Crónica de 1404. Transcripción paleográfica e codificación da primeira metade do código, isto é, os 170 primeiros folios.
2. Transcripción da retradución da Crónica de 1404. Transcripción paleográfica e codificación do testemuño escurialense que traduce a versión galega da Crónica de 1404, con vistas á súa publicación dixital no EGPA-lit.
3. Transcripción e (re)edición dos fragmentos galegos das Sete Partidas. Transcripción paleográfica e presentación crítica dos manuscritos inéditos (3 fragmentos) e reedición dos fragmentos xa coñecidos (9 fragmentos), con vistas á súa publicación dixital no EGPA-lit.

c) Ano 2023

- Finalización da transcripción do manuscrito Vindel (Hispanic Society of America) da Crónica de 1404. Transcripción paleográfica e codificación da segunda metade do código (fols. 171-363).
- Transcripción do manuscrito S (Biblioteca Menéndez de Pelayo) da Crónica de 1404. Transcripción paleográfica e codificación de todo o código con vistas á súa publicación dixital no EGPA-lit.

d) Ano 2024

- Transcripción do manuscrito A' (Biblioteca General Histórica da Universidade de Salamanca) da *Estoria de España*. Transcripción paleográfica e codificación de todo o código con vistas á súa publicación dixital no EGPA-lit.



- Transcrición e (re)edición dos fragmentos galegos do *Ordenamento de Alcalá*, do *Foro Real* e das *Flores de Dereito*. Transcrición paleográfica e presentación crítica dos manuscritos con vistas á súa publicación dixital no EGPA-lit.

e) *Plurianual*

Colaboración co proxecto PaLMeGaP 'Patrimonio literario medieval de Galiza e Portugal', que forma parte do macroproxecto HERES da Universidade de Alcalá.

Resultados previstos:

- Presentacións en congresos
- Publicacións científicas
- Traballos académicos (TFG, TFM...)

Apertura dun repositorio dixital (EGPA-lit: Escritorio Galego-Portugués Antigo) para a visualización e explotación do corpus literario editado. Nel poderán consultarse tanto as transcricións paleográficas como as edicións críticas

